

Texto: **IÑAKI ZUBELDIA**  
 Ilustracións: **ESTIBALITZ JALÓN**  
 Tradución: **G. TOLENTINO**

Encadernado en cartón. 24 páxinas en color.  
 21x29,7 cm. Dispoñible en:

- Galego: "As historias da avoa Catarina"  
ISBN 978-84-96957-77-0
- Castelán: "Las historias de la abuela Catalina"  
ISBN 978-84-96957-76-3
- Éuscaro: "Katalina kontalari"  
Pamiela-Faktoria K. ISBN 978-84-7681-632-5

Prezo: 14 €

## AS HISTORIAS DA AVOA CATARINA

Hai moito, moito tempo, nun prado da montaña, vivía unha vella cigarra. Chamábase Catarina e era moi charlatana. Todos os días, sen falta, contaba aos seus veciños historias antigas que a ela, cando era pequena, contáralle a súa avoa, Unha vez, Catarina contoulle á veciñanza a historia da xoaniña.

### III BECA ETXEPARE 2009 AO MELLOR PROXECTO DE CREACIÓN DUN ÁLBUM INFANTIL EN ÉUSCARO

"As historias da avoa Catarina" é un conto sobre a pacífica vida da natureza e dos insectos, entre os que destaca unha cigarra. Esta charlatana empedernida introduce á súa vez outros tres relatos sobre unha xoaniña, unha bolboreta e un patilongo que acaba converténdose en saltón. As narracións da protagonista cativan os habitantes do bosque, como tamén os lectores deste libro, que recrea o acto da transmisión oral da cultura.


Esta é a terceira colaboración de Iñaki Zubeldia con Estibalitz Jalón, autor e ilustradora doutros tres álbums anteriores. Neste caso, Estibalitz Jalón baseouse nas súas lembranzas da nenez e na súa vila natal de Iekora para representar o bosque e o personaxe da cigarra, inspirado na figura da súa avoa. A súa técnica artística abarca acuarelas, gouaches ou pinturas de madeira, café, té ou lixivia, e métodos dixitais para o acabado final. O xurado da III Beca Etxepare, formado por Aitziber Alonso, Patxi Zubizarreta, Arrate Egaña e Mikel Valverde, destacou no só os "debuxos doces que recrean unha atmosfera moi especial", senón tamén a calidade do texto, "unha fábula poética moi suxerente e con algo de intriga".

### IÑAKI ZUBELDIA (Gipuzkoa, 1945)

Licenciado en Maxisterio e Pedagogía. Foi profesor e fundador da Agrupación de Profesores de Ikastola. Participou en cursos e xornadas pedagóxicas. Actualmente traballa na edición de libros de literatura infantil e xuvenil na editorial Ibaizabal. Publicou obras sobre linguaxe, e de narrativa infantil e xuvenil; tamén é tradutor de literatura infantil, novelas xuvenís e material teórico relacionado co ensino. Coordina a sección de literatura infantil e xuvenil na revista Egan. Colabora en publicacións como Anaitasuna, Jakin, Hegats, Berria, Galtzaundi ou Karramarro.

### ESTIBALITZ JALÓN (Álava, 1984)

Estudou deseño gráfico na Escola de Arte de Logroño. Na súa traxectoria artística destaca, en 2003, a selección de ilustracións súas para o proxecto "Sócrates, Culture and National Identity". Entre outros premios, gañou en 2006 e en 2005 o Concurso de Ilustración para Contos do Concello de Llodio (Álava).



- **Temática:** fábula protagonizada por insectos
- **Idade recomendada:** desde 6 anos
- **Aspectos destacables:** gañador da III Beca Etxepare; natureza, os animais do bosque e as súas cualidades; contos de tradición e transmisión oral